

'Mans para mapa', por Eva Teixeira

Nós Diario [AELG](#) O Blogue da AELG

30 de novembro de 2023

<https://www.nosdiario.gal/blog/aelg/mans-para-mapa/20231130143814183785.html>

Cadaquén tece o seu labirinto. Eu escribo.
E leo, mesmo por enriba das miñas posibilidades.
Non teño memoria dun tempo anterior a iso.
De nova, tamén debuxaba moito. A boli.

A adolescencia exponenciou esa fenda da escrita, entretecida coa lectura ata serme imposible diferenciar as arestas dunha e doutra.

Semella un traxecto en soidade. Un escapulirse nese universo de papel.

Porén, se viro a ollada sobre min mesma, decátome de os libros chegaban da man de alguén, e daban en conversa as máis das veces, antes e despois. Mesmo se non tiña -teño- tempo de percorrer as súas páxinas. Os libros existen porque hai quen os le e estende sobre eles ás agarimosas que os tenden a outr@s. Esas achegas leváronme á escrita.

Fun medrando a carón de persoas, lectoras ou non, que sempre tiñan ese agasallo para min. Para a nena que era feliz entre papeis. Iso me fixeron. Feliz.

Co tempo, quixen facer o mesmo. Compartir páxinas de felicidade, historias e versos, propostas e ímpeto lector. Clubs de lectura chámase ese enxeño. Uns levaron a outros, tamén ata máis aló das miñas posibilidades.

Mentres, escribir e debuxar onde fose. Apuntamentos do instituto e da facultade, notas de lectura, traseiras de documentos, ata follas de papel cebola que copiaban outros textos... Calquera superficie era boa para apreixar o feitizo das palabras-hedra. Logo, gardalas unhas veces, perdelas outras, as máis, sepultalas entre canto papelorio había -hai- na casa e non ser quen de interpretalas despois. Fíos soltos, pequenos lóstregos fuxidíos que chegaban intempestivamente.

E sempre, dispersarme niso, non trazar conxunto nin xuntoiro.

Un día, algo mudou. Non emerxeu unha illa no meu maxín, senón un arquipélago, que deveu universo, coa porfía ousada do seu latexo. Aquel insólito artefacto posuíume, uns versos chamaron por outros, dándose a man coma nunca antes fixeran. Só conseguín acalar as súas voces cando á fin ficou definido no papel.

Nese intre, en que a semente asenta e todo encaixa, souben que creara unha obra. Era xaneiro de 2016.

Deixeina repousar. Facerse ben. Sen apuro. Ofrecinlle unha oportunidade. Pasou pola man de dúas amigas, desas que me metían libros no peto de cando en vez. Unha díxome que sabía a terra, e outra atopou nela poesía "da que xa non hai". Foron as estrelas de mérito que precisaba.

Nove páxinas de verso curto e alleo, quen ía mirar por/para elas? Así e todo, dinlle para diante.

Envieina a un certame. Pola súa brevidade, opción única. Tamén a unha editorial. Máis do mesmo. Silencio calado.

Lonxe de facerme desconsiderala, iso confirmoume que non era dese mundo. Precisaba outro espazo. Agardei por el coma pola choiva que musica a chaira.

Mentres durmía na gaveta dos soños, o título que eu lle dera cobrou vida propia, pechándolle as portas á aquela obra miña, condenándoa a ficar intitulada. Ao terrible silencio de non poder ser nomeada.

Non estaba de ser ese final. Ergueu o voo co alento dunha guía de lectura e dun colectivo de mulleres: as Comadres das Letras que, ao abeiro do concello de Santiago e a AELG, despregaron as súas ás creadoras para tamén navegar.

Elas fixeron que o libro sen nome collese corpo, coa aperta de letras, e o mimo da palabra metapoética. Sumáronse outras voces que, antes ou despois, reparan nel; oíron a súa música, viron a cartografía da súa espiña, ofrendáronme títulos alternativos... fixérono seu, imaxinárono nas mans e nas librarías.

Foron todas parteiras, comadres polisémicas, para que matria devise *mapa.gal* e tivese dereito a nacer baixo un pseudónimo. Acubíllase nel coma min mesma noutros nomes.

Todo é posible cando se desbota a renuncia.

As súas mans e a súa ollada certa reducion o periplo de achaiar a leira (autoedición). O espírito que eu creara só precisaba unha capa para materializarse. Ata iso veu da man dunha lectora. E así, un detalliño dun debuxo a boli azul da noite dos tempos, da miña prehistoria, anterior mesmo a arqueoloxía, abriulle os ollos á luz e a min mesma.

Agora percorre as rúas, nas mans e no bico da xente. É libre, pois garda o lume do que permanece para sempre en nós outras.

Cadaquén tece o seu labirinto.

E escolle con quen.

Eu, escribo.

A man.



Eva Teixeira

[Eva Teixeira é docente e escritora, membro da AELG]